

A palabra viaxeira dun poeta

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [1990]). “A palabra viaxeira dun poeta”. *Dorna*: 16, 81-82. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/602>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (1990). “A palabra viaxeira dun poeta”. *Dorna*: 16, 81-82.

* Edición dispoñíbel desde o 5 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A PALABRA VIAXEIRA DUN POETA

Helena González Fernández

Escribir sobre *Remol das travesías*, Col. Dombate, Galaxia, Vigo 1990, o último traballo -publicado- de Luís González Tosar (mentres *Endeita de noxos* siga inédito) implica escribir ó abeiro do tópico da viaxe que, polo miúdo, viñeron debullando algúns críticos, limitándose, as máis das veces, á simple descripción da estrutura externa do libro ou á paráfrase do prólogo de Arcadio López Casanova, por outra parte, case inevitable. Efectivamente, hai unha viaxe en cinco etapas polo que queda aínda vivo na memoria individual e, case sempre, con nome propio: Buenos Aires, Cuba, Fes, Praga, Moscú, Budapest...Vigo.

Volver outra vez a Buenos Aires, a súa cidade natal, supón para o autor abarquíñalo remol do "barrio meu daqueles quince anos", pero non se limita a entoalo himno saudoso dos tempos pasados, malia o título de un dos poemas, "Volver, que vinte anos non son nada...", nunha resurrección das notas do maravilloso tango. Ben ó contrario, aparece tamén o descubrimento dunha terra asemade nova e vella. No seu percorrido por América ancora ademais na memoria colectiva, que nos leva ós fillos da emigración galega. Naturalmente, é a Cuba, é o "Neno mulato" e mais "Un longo lagarto verde", poemas intensos e referenciais dunha realidade amada e coñecida.

O camiño que nos conduce a Marrocos e ós países do Leste é o do viaxeiro coa maleta baldeira, que non ten máis vencillos coa paisaxe có dos tópicos confirmados e o da emoción transmitida polas voces xurdi-

das da propia terra (Muhammad Ibn Ibrahim, Mayakovski, Kafka ou Rilke). Un gozo, case bíblico, aparece ó descubri-las cidades lendarias no medio do deserto, verdadeiros oasis de "rúas ateigadas de arrecendos". Un gozo que esmorece no último poema, "Azrou, amiga triste", por mor da crueldade da emigración da fame e que, "a ringleira de homes" parece recoñecer, tamén, no poeta cando lle "acenan as súas mans de medo".

Xa no Leste, subido "nun vello vagón/ que xeme e rechina ó compás das vías aceiradas" non só vai acompañado por un par de soldados rusos, senón que fai subir a Díaz Castro e á súa Penélope nunha transgresión de fasquía marcadamente literaria. Dela é froito non só "un nimbo de lus", senón o máis acertado dos cinco iconos. Polo demais, a utilización de elementos culturalistas arreo non lle é novidosa. Xa no seu primeiro libro, *A caneiro cheo* (1986), as alusións a outros autores, as citas presentando as partes dos libros e mesmo as adicatorias a persoas ben coñecidas por todos nós, son elementos importantes polo que teñen de contextualizadores e, sobre todo, de xogo dentro do xogo, de literatura sobre palabras xa trilladas, e non por iso menos frescas.

Formalmente, hai unha búsqueda de rachar coa unidade, pero o propio verso, ben termado polo ritmo e os silencios, camiña cara a esa linguaxe núa que adoitan procura-los nosos poetas, fuxindo mesmo do derradeiro corsé, o da pausa versal, como así lle ocorre a González Tosar cando precisa

contarnos unha historia e só a prosa é o medio de expresión axeitado ("*Crime baixo a Cruz do Sur*" e "*Olesnika, terra fronteiriza*") e que xa anunciara na paráfrase de Otero que inclúe no seu primeiro libro.

Rematada a viaxe no mesmo punto do que partira, volven as reflexións sobre a materia poética, o papel branco e o verso, sempre vertical, pechando así o círculo - metáfora xeométrica moi ilustrativa-. Ó final do libro comprobamos que o apuntado no primeiro poema é certo: "Foron quedando atrás / aqueles vellos farrapos nunha estreira". Mais non polo que supuñan coma

conxunto poéticos os versos de *A caneiro cheo*, senón polo alambicamento léxico desbordante en que o mergullara a enxebreza, e que el mesmo reconece ("Tiven o vagar e a coraxe necesaria/ para poñervos diante/ a podente sonoridade das palabras"). Pero a continuidade entre os dous libros non desaparece. Cada verso, cada palabra, é filla do traballar arreo na mesma terra, e de sementar, ceifar e asucar polos "mesmos camiños non mallados".

Eis a nova palabra poética de Luís González Tosar, máis limpa, viaxeira, e "coa forza que dá o remol".